

DOMINGO 3 DA PASCUA Ciclo B

PRIMEIRA Feit 3, 13-15. 17-19

Matastes ao autor da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Dille Pedro ao pobo:

O Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob, o Deus de nosos pais, glorificou ao seu servo Xesús, a quen vós entregastes e negastes diante de Pilato, cando este estaba decidido a deixalo en liberdade. Pero vós rexeitastes o Santo e o Xusto; pedistes que indultasen a un asasino, mentres que matastes ao dono da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos; disto nós somos testemuñas.

Xa sei, irmáns, que obrastes por ignorancia, como tamén as vosas autoridades; pero Deus cumpriu así o que anunciara por boca dos profetas: que o seu Cristo padecería. Arrepentídevos, logo, e convertédevos, para que se borren os vosos pecados

SALMO RESP. Sal 4, 2. 4. 7. 9

R/ (7a): Pon, Señor, sobre nós o sinal da luz do teu rostro

Cando te chame, respóndeme, Deus, meu liberador;
ti que na angustia me consolas,
apiádate e escoita a miña oración.

Sabede que o Señor fai milagres co seu amigo,
que o Señor me escoita, cando o chamo.

Moitos din: -"Quen nos mostrará a felicidade,
se fuxiu de nós, Señor, a luz da túa presenza?"

En paz déitome e logo adormezo,
porque só ti, Señor, me das seguridade.

SEGUNDA 1 Xn 2, 1-5a

El é propiciación polos nosos pecados e polos de todo o mundo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Meus filliños, escribovos estas cousas para que non pequedes; pero, se algún peca, temos quen nos defenda diante do Pai: Xesús Cristo, o xustificador. El é quen expía os nosos pecados; e non só os nosos senón tamén os de todo o mundo.

Sabemos que o coñecemos de verdade polo feito de que cumprimos cos seus mandamentos. O que di: "Eu coñezoo" pero non cumpre cos seus mandamentos, é un mentireiro e non ten en si a verdade revelada. Quen garda a súa Palabra, nel o amor de Deus chega de verdade ao máximo.

ALELUIA Cf Lc 24, 32

Señor Xesús, descúbrenos o senso das Escrituras;
fai arder o noso corazón mentres nos falas

DOMINGO 3 DA PASCUA Ciclo B

EVANXEO Lc 24, 35-48

Tal está escrito, que Cristo ha padecer e resucitar de entre os mortos ao terceiro día

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Os discípulos de Xesús contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no partir o pan.

Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles:

- ¡A paz sexa convosco!

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles:

- Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.

E dicindo isto, mostroulles as mans e mailos pés. Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer. Xesús preguntoulles:

- Tedes por aí algo que comer?

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles. Logo díxolles:

- A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e máis nos Salmos acerca de min.

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu:

- Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a todos os pobos, empezando por Xerusalén. Vós sereis testemuñas de todo isto.